



OS SÉCULOS ESCUROS E O REXURDIMENTO.



Curros Enriquez na Coruña (Jose Luis Cernadas, CC-BY-SA-2.0)



ÍNDICE

Os séculos escuros e o rexurdimento.

1. Os séculos escuros.....	1
1.1 Situación sociolingüística.....	1
1.2. Os Ilustrados.....	2
<i>Exercicios</i>	2
1.3. A literatura popular nos Séculos Escuros.....	3
<i>Exercicios</i>	3
1.4. A literatura culta nos Séculos Escuros.....	3
<i>Exercicios</i>	4
2. O século XIX e o rexurdimento.....	5
2.1 A situación da lingua.....	5
2.2 Do Prerrexurdimento ao Rexurdimento.....	6
<i>Exercicios</i>	6
2.3 Rosalía, Curros e Pondal.....	7
Rosalía de Castro.....	7
Manuel Curros Enríquez.....	8
Eduardo Pondal.....	9
<i>Exercicios</i>	10
SOLUCIÓN.....	12



1. Os séculos escuros.

Como se comentou na unidade sobre a Idade Media, unha consecuencia das guerras de sucesión dos séculos XIV e XV será que as clases altas deixan de empregar só o galego, pois moitos dos dirixentes viñan de Castela e traían o castelán.

O período de maior marxinación do idioma galego é coñecido como **Séculos Escuros** e ten lugar **entre os séculos XV e XVIII**. Nesta época hai unha ausencia case total de literatura culta.

Como consecuencia da dominación e marxinación política, da emigración a outras partes da Península e da pobreza da poboación nace unha imaxe dos galegos como un pobo atrasado e inculto, imaxe que se representa no refraneiro e na literatura española da man de autores como Quevedo, Góngora ou Tirso de Molina. Algúns exemplo son os refráns recollidos por Gonzalo de Correas no século XVII: "*A gallego pedidor, castellano tenedor; Rogaste a gallefos? Ya no puedes venir a menos.*"

1.1 Situación sociolingüística

Pola imposición do castelán nas clases altas, a nosa lingua pasa a ser exclusivamente **oral e coloquial**, pois máis dun 90% da poboación séguea utilizando. A maioría desta poboación é analfabeta e pertence ao campesiñado.

O galego acábase convertendo nun idioma **desprestixiado** e xorde un sentimento de autodesprezo e autoodio. Os propios falantes cambiaron ao castelán para ascender socialmente.

Comeza así unha **situación de diglosia** que chegará aos nosos días. O galego, **lingua maioritaria** da poboación é unha **lingua minorizada** ao gozar dun menor prestixio. O castelán, ignorado pola maioría dos galegos pero usado polas clases dirixentes é a lingua hexemónica empregada en ámbitos elevados e na escrita.

Lingua maioritaria	Lingua falada pola maioría da poboación.
Lingua hexemónica	Lingua de prestixio, empregada en ambientes máis formais.
Lingua minorizada	Lingua de menor prestixio, utilizada en ambientes máis informais (familiar)

Nacen, deste xeito, **os prexuízos lingüísticos** que perduran ata hoxe: castelán relacionado coa cidade, a riqueza, cultura e progreso e o galego relacionarase coa aldea, atraso, pobreza ou incultura.



1.2. Os Ilustrados

Durante o **século XVIII ou Século das Luces** aparecen intelectuais que buscan solucións para a situación de marxinación e atraso que vive o noso país. Os ilustrados galegos crean institucións como "Sociedad Económica de Amigos del País".

Algúns destes intelectuais defenden a nosa lingua e consideran que é válida para todos os ámbitos como a escola ou a igrexa. Os tres autores máis destacados son os frades beneditinos:

- **Frei Benito Xerónimo Feixóo:** demostrou que o noso idioma procedía do latín, que non era un dialecto do castelán e que ademais formou unha unidade co portugués.
- **Frei Martiño Sarmiento:** tamén investiga sobre a orixe da lingua galega, así como recolle fraseoloxía e literatura popular e propón medidas para introduci-lo na escola e na igrexa.
- **Padre Sobreira:** traballou na idea dun dicionario galego, trata temas relacionados coa xeografía e identifica o "castrapo" como a modalidade lingüística que comezaba a ter presenza nas vilas.



EXERCICIOS

Exercicio 1

Responde as cuestións:

- Como se denomina o período en que apenas aparece literatura culta?
- Por que as clases altas comezan a falar castelán?
- Cal era a lingua falada pola maior parte da poboación?
- Sinala algún prexuízo lingüístico do galego:
- Como se denominan as linguas que gozan dun menor prestixio?
- A que se dedicaban os ilustrados que investigaron sobre o galego?
- Sinala algún ámbito no que Frei Sarmiento quería que se empregase o galego.



1.3. A literatura popular nos Séculos Escuros

Entre os séculos XV e XVIII destacou a **literatura oral, popular e anónima**, que se conservou grazas á memoria colectiva. Presenta variedade de formas, pois un texto adoita posuír varias versións ao ser transmitido oralmente.

O **cancioneiro popular (lírica)** está composto por cantigas, cunha linguaxe sinxela que adoita ir acompañadas de música ou baile. Destacan as estrofas con versos de arte menor (octosílabos, de oito sílabas ou menos) e con **recursos de repetición** para axudar a memorizar. Por exemplo temos cantigas de Nadal como os aninvos, as panxoliñas ou as cantigas de Reis; cantigas de maio (celebran a chegada da primavera), alalás, regueifas (disputa verbal improvisada que ten orixe nas vodas), cantigas de berce ou arrolos (cantigas infantís para durmir)...

Canto á **narrativa oral**, podemos salientar os contos, lendas, refráns ou adiviñas. A diferenza das dúas primeiras é que as **lendas** adoitan posuír elementos sobrenaturais, explicar a orixe dun feito ou lugar ou relatar algún milagre relixioso; mentres que os **contos** son narracións breves e sinxelas co obxectivo de entreter ou transmitir unha ensinanza.

EXERCICIOS

Exercicio 2

Completa o cadro: *panxoliñas, contos, aninvos, lendas, refráns, adiviñas, arrolos, regueifas.*

Lírica oral	Narrativa oral

1.4. A literatura culta nos Séculos Escuros

Apenas existen mostras literarias na nosa lingua entre os séculos XV e XVII. Comentaranse algúns exemplos de cada xénero literario.

Na **poesía** un dos primeiros textos é o **Pranto da Frouseira**, poema anónimo de finais do **século XV** que chora a morte do Mariscal Pardo de Cella na praza de Mondoñedo.



Tamén apareceron varios **sonetos no século XVI** como os escritos pola morte en 1612 da raíña Margarita de Austria: "Soneto con falda" de Xoán Gómez Tonel e "Respice finem" de Pedro Vázquez de Neira. Os sonetos son composicións de catorce versos hendecasilabos compostas por dous cuartetos e dous tercetos.

No **século XVII** rexistramos 9 romances que se presentaron ao **concurso das Festas Minervais da Universidade de Santiago** no ano 1697 xunto a outras composicións en castelán e latín en homenaxe ao arcebispo Fonseca.

Tamén no século XVII consérvase unha breve **peza teatral** que trata os conflitos entre pescadores galegos e portugueses chamado ***Entremés famoso sobre a pesca no río Miño***.

Por último, na **narrativa** conservamos cartas en galego do **conde de Gondomar**.



EXERCICIOS

Exercicio 3

Relaciona as dúas columnas:

Pranto da Frouseira

"Soneto con falda" de Xoán Gómez Tonel

9 romances das Festas Minervais

Entremés famoso sobre a pesca no río Miño

Cartas do conde de Gondomar

Soneto sobre a morte da raíña Margarita

Breve peza teatral

Narrativa

Chora a morte do mariscal Pardo de Cela

Concurso da Universidade de Santiago en homenaxe a Fonseca



2. O século XIX e o rexurdimento.

No século XIX Galiza segue sendo rural, cunha economía case exclusivamente agraria e mariñeira. As terras estaban en mans da **fidalgúa**, que residía nos pazos.

A industria é pouco relevante e destaca a **industria conserveira** da man de cataláns que chegan a finais do século. Esta situación de atraso provoca que na segunda metade de século haxa un estancamento da poboación debido a unha crise agraria e á **emigración** a países de América e outras partes da Península.

No **contexto político**, na primeira metade destacan os enfrontamentos entre absolutistas e liberais. Coa reforma territorial do ano 1833 Galiza deixa de existir como unidade política, pois divídese en catro provincias. Esta reforma provoca o nacemento do primeiro movemento de carácter galeguista chamado **Provincialismo**, que reivindica a unidade galega. Houbo un levantamento de 1846 liderado por Solís, cuxos dirixentes foron fusilados en Carral (*os Mártires de Carral*) ou tiveron que marchar ao exilio.

Nos últimos anos do século XIX seguen alternando no goberno liberais e conservadores. Neste contexto xorde o movemento do **Rexionalismo**, con figuras como Manuel Murguía, que defenden a existencia dun pasado histórico no pobo celta e dunha lingua e cultura propias. Demandaban unha descentralización do poder e defendían o uso do idioma galego.

2.1 A situación da lingua

Durante o século XIX prodúcese unha **imposición do castelán** debido aos seguintes factores, a maioría pola marxinação do Estado:

- Prensa.
- Incremento das escolas de educación primaria, nas que o ensino era todo en castelán.
- Chegada de comerciantes e empresarios de fóra (cataláns, leoneses...)
- Emigración a países de América.
- Administración: as novas entidades como as deputacións e os concellos marxinan o galego.

Isto trae consigo a extensión de actitudes negativas cara ao galego e de **prexuízos lingüísticos**. Ademais, as clases medias empregan o castelán para ascender socialmente e tórnanse diglósicas (moitas seguen falando o galego no ámbito familiar) e o castelán chega ao mundo rural. Aínda así, o galego segue sendo a **lingua maioritaria** da poboación (arredor dun 90%).

Non obstante, xorden voces que defenden o uso do galego en todos os ámbitos como o movemento **rexionalista** e recupérase a categoría de **lingua literaria e de cultura**



grazas aos autores do Prerrexurdimento (chamados precursores) e **Rexurdimento** (Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal).

2.2 Do Prerrexurdimento ao Rexurdimento

Como se comentou, o Rexurdimento significa a **dignificación da lingua galega** grazas á recuperación da escrita literaria. Tamén aparece un movemento político-ideolóxico (primeiro co Provincialismo e máis tarde co Rexionalismo), que reivindica os trazos comúns da identidade galega.

Os seus obxectivos son cambiar a consideración do galego como lingua inferior, aumentar os seus ámbitos de uso, estudar o idioma e reivindicar o pasado histórico do noso país.

Destaca o cultivo da **poesía**, moitas veces coñecida a través de concursos literarios chamados "Xogos Florais". Nos da Coruña de 1861 publicáronse os textos presentados e poemas de autores da época en *Álbum de la Caridad*, que incluía poemas de Rosalía, Pondal ou o poema "A Galicia" de Francisco Añón.

Ademais, aparecen proxectos de **dicionarios e gramáticas, a primeira editorial** e unha **prensa** escrita totalmente en galego (*O Tío Marcos da Portela* en Ourense).

Marca o paso do **Prerrexurdimento ou Período Precursor ao Rexurdimento** a publicación da obra de Rosalía de Castro ***Cantares Gallegos* no 1863**.

Como exemplo de obra dos Precursores, destaca ***A gaita gallega (1853)* de Xoán Manuel Pintos**. Esta obra céntrase nas reflexións do gaitero galego e do tamborileiro castelán sobre as características da lingua galega e a situación de marxinación que sofre. Inclúe tanto poemas como listaxes de vocabulario galego xunto coa súa equivalencia en castelán.

EXERCICIOS

Exercicio 4

Le o seguinte texto de Manuel Murguía, pertencente ao discurso nos Xogos Florais de Tui en 1891 e selecciona se os enunciados son verdadeiros (V) ou falsos (F) de acordo co texto:

O noso idioma! O que falaron nosos pais e vamos esquencendo, o que falan os aldeáns e nos achamos a ponto de n'entendelo; aquel en que cantaron reis e trovadores; o que, fillo maor da pátreia gallega, nola conservou e conserva coma un don da providencia; o que aínda ten nos nosos labres as dozuras eternas e acentos que van ó corazón; o que agora oídes coma si fose un himno relixioso; o hermoso, o nobre idioma que do outro lado dese río é léngua oficial que serve a máis de vinte



millóns de homes e ten unha literatura representada polos nomes gloriosos de Camoens e Vieira, de Garret e de Herculano; o gallego, en fin, que é o que nos dá dereito á enteira posesión da terra en que fomos nados, que nos di que, pois somos un povo distinto, debemos selo; que nos promete o porvir que procuramos, e nos dá a certeza de que ha de ser fecundo en bens pra nós todos. Nel, coma en vaso sagrado en que se axuntan todos os perfumes, áchanse os principaes elementos da nosa nacionalidade, de novo negada, e, aínda máis, escarnecida. Doulle o celta a súa dozura e a maior parte do seu vocabulario; o romano afirmouno; ten do suevo as inflexións; do noso corazón, o acento afalagador; e os brandos sonos, e os sentimentos das razas célticas. Un tanto femeninos, é certo, pro que se tempran no valor heroico dos seus fillos. Léngua distinta –di o aforismo político– acusa distinta nacionalidade. Digámolo nós tamén, se nos cumpre, con maior firmeza aínda, e poñamos de nós o que faga falla, pra que sea pra sempre esta léngua en consonancia co noso espírito, e feita coma ningunha outra pra a expresión dunha literatura tan oposta ó xenio da de Castilla como é esta que nós temos.

- a) Fala da relación entre o galego e o portugués ao referirse a que é unha lingua falada por 20 millóns de persoas.
- b) Destaca que o galego se segue falando polo campesiñado e pola fidalguía.
- c) Fai referencia á literatura medieval trobadoresca.
- d) Fai un percorrido pola historia: comezando no pasado celta, romano e árabe.
- e) Sinala que a nosa literatura é similar á de Castela.

2.3 Rosalía, Curros e Pondal.

Como xa se comentou, o Rexurdimento comeza coa publicación da obra ***Cantares Gallegos*** de Rosalía de Castro no ano 1863 e os seus autores destacados son Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal, cuxa biografía e obra analizaremos.

Rosalía de Castro

É a figura **máis representativa** da nosa literatura. Foi a excepción dentro das poucas escritoras galegas da época, xa que estas se limitaban a temas paisaxísticos e románticos en castelán. Rosalía identificouse co sufrimento do pobo, en especial das mulleres.

Naceu en Santiago de Compostela o **24 de febreiro de 1837**, data conmemorativa que celebramos. Fillá dun crego, pasou a maior parte da súa infancia en **Padrón** e, xa de moza, foi a Santiago. Nesta cidade coñeceu a moitos dos **intelectuais** galegos da época .

As súas primeiras obras son en castelán: a novela *La hija del mar* e o poemario *La Flor*.



Marcha a Madrid no ano 1856, onde coñece a **Manuel Murguía**, co que casa. Murguía chegaría a ser o primeiro presidente da Real Academia Galega e un dos rexionalistas que máis reivindicaron o pasado celta de Galiza. O matrimonio tivo que mudarse a outros sitios de Castela. Serán **anos duros**, nos que sofre problemas económicos e outros de carácter persoal como a morte prematura de dous de seus fillos.

Un 17 de maio de 1863, ano de comezo do Rexurdimento, publica a súa primeira obra **Cantares gallegos**. Esta publicación deu orixe no seu centenario (1963) ao primeiro Día das Letras Galegas. Apoiándose na **literatura popular** (cunha estrutura propia da lírica oral), Rosalía destaca os costumes e os valores do pobo galego. Ademais deste carácter **folclórico** (poemas de amor entre campesiños, descrición de tradicións como romarías e festas...) vai retratando o noso pobo dende unha **visión social**, por exemplo denunciando as penurias que pasan os labregos e que lles forzan a emigrar e recibir un trato negativo en Castela. Por último, encóntranse algúns poemas de carácter máis **persoal (intimistas)** que expresan os seus sentimentos.

No ano 1880 publícase **Follas novas** grazas á axuda de emigrantes galegos en Cuba. Trátase dun libro dividido en 5 seccións que van dende unha perspectiva máis **persoal** e de carga sentimental (pesimismo, melancolía, reflexións filosóficas...) a unha **crítica social**, na que reivindica as inxustizas do pobo galego. A **perspectiva feminista** encóntrase en toda a obra, xa que amosa que as mulleres son as máis afectadas por estas inxustizas, por exemplo ao quedaren soas na terra facendo todos os traballos e criando soas os fillos e as fillas mentres os homes marchan á emigración (sección "As viúdas dos vivos e as viúdas dos mortos").

Falece en **Padrón no ano 1885 aos 48 anos** de cancro nunha situación de pobreza, sen deixar descendencia dos 7 fillos que tivo e marxinada pola intelectualidade da época.

Manuel Curros Enríquez

Naceu en **Celanova** no ano 1851. Polos conflitos con seu pai, aos 15 anos marchou a **Madrid** onde vivía seu irmán. Comezou os estudos de Dereito e dedicouse ao xornalismo.

En 1877 participou nun concurso en Ourense cos poemas costumistas "Unha voda en Einivó", "A virxe do cristal" e "O gueiteiro", no que conseguiu o primeiro premio.

En 1880 publica o seu poemario **Aires da miña terra**. Trátase dunha obra reivindicativa con forte **contido social**, aínda que tamén inclúe poemas máis persoais (de carácter intimista) como os dedicados a Rosalía, a morte da súa nai ou de seu fillo. Denuncia especialmente os males dos labregos, así como mantén unha actitude **anticlerical** contra os abusos da Igrexa, o que fará que sexa denunciado polo bispo de Ourense. Ademais, defende o **progreso** e a modernidade, por exemplo nun poema dedicado á chegada da locomotora a Ourense.

En 1888 publicou **O divino sainete**, longo poema narrativo de carácter **burlesco e de ton anticlerical**. Describe unha peregrinaxe en tren a Roma, na que Francisco Añón será o



seu guía e cada un dos sete vagóns representará un pecado capital a través de personaxes como membros da Igrexa ou a escritora galega en castelán Emilia Pardo Bazán. Finalmente, fala co Papa e recoméndalle que a Igrexa deixe de enriquecerse e teña unha vida sinxela.

Emigra a **Cuba**, onde falece en 1908. Foi o poeta máis homenaxeado en vida do Rexurdimento. Ao seu **enterro na Coruña** asisten moitas persoas.

Eduardo Pondal

Nace en 1835 en **Ponteceso** (A Coruña) nunha familia adíñeirada. Cando empeza a escola marcha para Nemiña, onde un parente cura é quen lle aprende Matemáticas, Gramática e un pouco de Grego e Latín. Realiza o Bacharelato en Santiago de Compostela, onde despois estuda Medicina. Alí xúntase no "**Liceo de la Juventud**" con escritores como Rosalía de Castro, Manuel Murguía ou Aurelio Aguirre.

Cando acaba de estudar traballa de **médico** durante uns tres anos. A maior parte da súa vida dedícase só a escribir dende a súa casa á beira do río Anllóns en Ponteceso. A **paisaxe de Bergantiños** describírase na súa obra como dura e salvaxe, sen apenas presenza humana e aparecerán topónimos desta comarca. Esta natureza amósase moitas veces simbolizada ou personificada, xa que as árbores ou o vento transmiten as súas mensaxes ou escóitanas.

Asiste na Coruña á xuntanza denominada "**a Cova Céltica**", na librería de Uxío Carré Aldao, na que varios intelectuais falaban sobre a orixe celta do noso pobo e outros temas da nosa cultura e historia.

Publica **Queixumes dos Pinos** no ano 1886, reelaborado dun libro anterior en castelán *Rumores de los pinos*. Nesta obra aparece a figura do **bardo**, profeta do pobo celta que cantaba as fazañas heroicas e guiaba ao pobo. Lembra o **pasado glorioso celta** e contrapono a un presente negativo ao que lle espera un futuro glorioso. Ás veces tamén se basea en personaxes e episodios históricos da **cultura grega e romana**. Ademais, **deféndese a lingua** como elemento fundamental da nosa identidade. Porén, encontramos tamén poemas nos que mostra un **desprezo pola muller**, que se presenta como só válida para a posesión sexual.

Os Eoas é un longo poema narrativo no que describe a **odisea de Colón e os mariñeiros galegos** que presuntamente o acompañaron na conquista de América. Foi publicado moito despois da súa morte porque a enfermidade de neurose fixo que non fose posible ser publicado en vida.

No ano 1890, o músico Pascual Veiga pídelo a Pondal un poema para presentar coa súa música a un concurso na cidade da Coruña. **O poema "Os pinos" considerárase dende principios do século XX o himno de Galiza.**

Nos seus últimos anos padece unha **neurose** e morre nunha situación de soidade e pobreza o 8 de marzo do ano 1917 nunha pensión **da Coruña**, onde está enterrado.



EXERCICIOS

Exercicio 5

Le as seguintes estrofas dos autores do Rexurdimento e selecciona a opción correcta sobre a súa temática como no exemplo:

<p>Estrofa 1</p> <p>Adiós, ríos; adiós, fontes; adiós, regatos pequenos; adiós, vista dos meus ollos: non sei cando nos veremos.</p>	<p>Estrofa 2</p> <p>Vendéronlle o carro i as leiras que tiña; deixárono sóio coa roupa vestida</p>	<p>Estrofa 3</p> <p>Cando penso que te fuches, negra sombra que me asombras, ó pé dos meus cabezales tornas facéndome mofa.</p>
<p>TEMÁTICA</p> <p>A emigración A pobreza Costumista</p>	<p>TEMÁTICA</p> <p>A emigración A pobreza Costumista</p>	<p>TEMÁTICA</p> <p>Social Intimista Costumista</p>
<p>Rosalía de Castro: <i>Cantares gallegos</i></p>		<p><i>Follas novas</i></p>

<p>Estrofa 3</p> <p>A pedra i as nubes a sembra arrasando, agoiran un ano de fame sombría; sin pan os labregos, nin herba pró gando, ¿que vai a ser deles na crúa invernía?</p>	<p>Estrofa 4</p> <p>Melancolía, musa dos doentes, do meus espírito noiva feiticeira ¡déixame que hoxe no teu colo durma sono de pedra!</p>	<p>Estrofa 5</p> <p>Non. Feita está a pormesa i é menester cumprila. A patria morre. Malia o fillo que a non mira! E malia quen lle negue, por tedio ou cobardia, os himnos que a amortaxen, o sangue que a redima!</p>
<p>TEMÁTICA</p> <p>Pobreza</p>	<p>TEMÁTICA</p> <p>Social</p>	<p>TEMÁTICA</p> <p>Social</p>



Política	Intimista	Intimista
Emigración	Costumista	Costumista
Manuel Curros Enríquez: <i>Aires da miña terra</i>		

<p>Estrofa 7</p> <p>Cand' é que vos ouzo, a patria esquecendo, falar esas duras palabras de ferro, non sei o que sufro, non sei o que peno: <i>falade, miniñas, falade gallego.</i></p>	<p>Estrofa 8</p> <p>Mais a alma do bardo, Enérxica, ousada, Que audaz libertade, Tan só soña e ama; Vai pensando en propósitos férreos, Que ergueran a patria!</p>	<p>Estrofa 9</p> <p>Dos celtas antigos gloriosos exemplos; do duro romano non lixios, non servos: rompede as cadeas da patria, dos eidos; luitade valentes; luitade, gallegos.</p>
<p>TEMÁTICA</p> <p>Defensa da lingua</p> <p>Esperanza dunha patria liberada</p> <p>Natureza</p>	<p>TEMÁTICA</p> <p>Defensa da lingua</p> <p>Esperanza dunha patria liberada</p> <p>Natureza</p>	<p>TEMÁTICA</p> <p>Defensa da lingua</p> <p>Celtismo</p> <p>Bardismo</p>
Eduardo Pondal: <i>Queixumes dos pinos</i>		



SOLUCIÓNS

Exercicio 1

Responde as cuestións:

- a) Como se denomina o período en que apenas aparece literatura culta?
Séculos Escuros.
- b) Por que as clases altas comezan a falar castelán?
Porque moitos dos dirixentes viñan de Castela.
- c) Cal era a lingua falada pola maior parte da poboación?
O galego.
- d) Sinala algún prexuízo lingüístico do galego:
O galego relaciónase coa aldea, atraso, pobreza ou incultura.
- e) Como se denominan as linguas que gozan dun menor prestixio?
Minorizadas.
- f) A que se dedicaban os ilustrados que investigaron sobre o galego?
Eran frades / monxes / á Igrexa.
- g) Sinala algún ámbito no que Frei Sarmiento quería que se empregase o galego.
A igrexa ou a escola.

Exercicio 2

Completa o cadro: *panxoliñas, contos, aninvos, lendas, refráns, adiviñas, arrolos, regueifas*

Lírica oral	Narrativa oral
Panxoliña	Conto
Aninovo	Lenda
Arrolo	Refrán
Regueifa	Adiviña



Exercicio 3

Relaciona as dúas columnas:

Pranto da Frouseira: Chora a morte do mariscal Pardo de Cela.

"Soneto con falda" de Xoán Gómez Tonel: Soneto sobre a morte da raíña Margarita.

9 romances das Festas Minervais: Concurso da Universidade de Santiago en homenaxe a Fonseca

Entremés famoso sobre a pesca no río Miño: Breve peza teatral

Cartas do conde de Gondomar: Narrativa

Exercicio 4

Le o seguinte texto de Manuel Murguía, pertencente ao discurso nos Xogos Florais de Tui en 1891 e selecciona se os enunciados son verdadeiros (V) ou falsos (F) de acordo co texto:

- Fala da relación entre o galego e o portugués ao referirse a que é unha lingua falada por 20 millóns de persoas. V
- Destaca que o galego se segue falando polo campesiñado e pola fidalguía. F
- Fai referencia á literatura medieval trobadoresca. V
- Fai un percorrido pola historia: comezando no pasado celta, romano e árabe. F
- Sinala que a nosa literatura é similar á de Castela. F

Exercicio 5

Le as seguintes estrofas dos autores do Rexurdimento e selecciona a opción correcta sobre a súa temática como no exemplo:

Estrofa 1 A emigración	Estrofa 2 A pobreza	Estrofa 3 Intimista
Rosalía de Castro: <i>Cantares gallegos</i>		<i>Follas novas</i>

Estrofa 3 Pobreza	Estrofa 4 Intimista	Estrofa 5 Social
Manuel Curros Enríquez: <i>Aires da miña terra</i>		



Estrofa 7 Defensa da lingua	Estrofa 8 Esperanza dunha patria liberada	Estrofa 9 Celtismo
Eduardo Pondal: <i>Queixumes dos pinos</i>		